

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE ESCOLA DA  
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS,  
CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA  
O XOVES DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Xunta de Escola da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 13:15 horas do xoves día 18 de decembro de 2025 en segunda convocatoria, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.
- 2) Informe do director.
- 3) Número de prazas ofertadas para o curso 2026-2027.
- 4) Quenda aberta de palabra.

ASISTEN:

**Persoal académico**

Álvarez García, Julia  
Baldomir García, Aitor  
Barrientos Rodríguez, Víctor  
Colominas Ezponda, Ignacio  
Delgado Martín, Jorge José  
Díaz García, Jacobo Manuel  
Domínguez Pérez, Xabier Eduardo  
Eiras López, Javier  
Fe Marqués, Jaime Miguel  
Fontán Pérez, Arturo Norberto  
Fuentes García, Luis  
Galán Díaz, Juan José  
González Fonteboa, María Belén  
Jurado Albarracín Martinón, José Ángel  
Martínez Abella, Fernando  
Medina Rodríguez, Luis Esteban

Montenegro Pérez, Luís  
Navarrina Martínez, Fermín Luis  
Nieto Mouronte, Félix  
Nogueira Garea, Xesús Antón  
Navales Ordax, Margarita  
Orro Arcay, Alfonso  
París López, José  
Pena Mosquera, Luís  
Ramírez Palacios, Luis  
Rodríguez Pasandín, Ana María  
Romera Rodríguez, Luis Esteban  
  
Couceiro Aguiar, Iván

**Estudantes**

Gómez Pasandín, Carla  
López Alfonso, Héctor  
Montes Lago, Daniel  
Rego Sapena, Pablo  
Rodríguez González, Ainhoa  
Romeral Sánchez, Lydia  
Seisdedos García, Irene  
Vázquez-Pena Romero, Jaime  
Villaverde Rodríguez, Brais

**PTXAS**

Cruz Viqueira, María del Pilar  
Vázquez González, Julia  
Villar Arévalo, Javier

EXCUSAN:

1/4

Código Seguro De Verificación	3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt+g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	07/04/2026 21:17:07
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



### Persoal académico

Anta Álvarez, José  
Carro López, Diego  
Jácome Burgos, Juan Alfredo  
Juncosa Rivera, Ricardo Antonio  
Martínez Lage, María Isabel  
Peña González, Enrique  
Pérez Pérez, Ignacio  
Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal, Pablo  
Samper Calvete, Francisco Javier  
Suárez López, Juan Joaquín  
Taboada Vázquez, Raquel  
Varela García, Francisco Alberto  
Vázquez González, Ana María

Naves García-Rendueles, Acacia  
Sande González-Cela, José  
Soriano Hoyuelos, María Gemma

### Estudantes

Arnos Caamaño, Alejandro

### PTXAS

Franco Trillo, Alicia

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, secretario académico da Escola.

### 1) Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.


Remitidas con anterioridade os borradores das actas da reunión ordinaria de 24 de xullo e das reunións extraordinarias de 18 de setembro, 16 de outubro, 4 de novembro e 20 de novembro de 2025, solicitáronse e consensuáronse os seguintes cambios:

- Na acta de 20 de novembro onde dicía: “Margarita Novales solicita que non se realice a votación neste momento por non ser horario de actividades académicas” dirá “Margarita Novales solicita que non se realice a votación neste momento (13:45 h.), porque considera estar fóra da hora límite de duración da reunión, e por non ser horario de actividades académicas, de maneira que hai persoas que teñen que marchar a clase e non poderán participar na votación a pesar de ter asistido á reunión ata ese momento, como é o seu caso”.
- Na acta de 20 de novembro onde dicía: “Varios membros da Xunta de Escola amosan a súa desconformidade coa hora de inicio da votación”, dirá “Ana Vázquez e varios membros da Xunta de Escola amosan a súa desconformidade coa hora de inicio da votación”.

### 2) Informe do director.

Toma a palabra o director e informa:

- Con relación ao persoal da Escola, no PDI causou baixa por renuncia o profesor Simón Peña Villasenín, profesor axudante doutor na área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría, e o profesor Blas Cantero Chaparro causou baixa o 31 de agosto porque non se lle renovou o contrato de interino de substitución. Fai constar o seu agradecemento pola súa dedicación e implicación na Escola. No PTXAS houbo numerosos cambios, así na Administración incorporouse María de los Milagros Pato para cubrir a incapacidade temporal de María José López Carballo, na Biblioteca incorporouse Noé Ramudo para cubrir a comisión de servizos de Adriana Luchian e Alicia Franco asumiu durante a incapacidade temporal de Pilar Roel as funcións de Directora da Biblioteca, e á súa vez o posto de Alicia cubriuno Lara García. Na Conserxería houbo numerosos cambios e dende o 17 de novembro non temos ningún conserxe por motivos legais ata que saia a praza a concurso, cubríndose o servizo por catro persoas sen praza na Escola, a saber, Jesús Rapa, María Blanco en horario de mañá e Adoración Ramil e Xoán Montiel en horario de tarde. Fai constar o seu agradecemento a todos eles pola dedicación que tiveron na Escola.
- Respecto das titulacións, tal e como se informou por correo electrónico, a memoria do grao en Enxeñaría Civil remitiuse a verificación en tempo e forma antes da data establecida, pero o 3 de decembro chegou aviso de


<b>Código Seguro De Verificación</b>	3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt+g==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	07/04/2026 21:17:07	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/4	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

- requirimento de requisitos incumpridos a nivel administrativo por parte do Ministerio. Ao día seguinte o director obtivo información das dúas cuestións a corrixir que son: (1) que o convenio de recoñecemento de créditos entre FP e grado por parte da UDC e Xunta caducara fai un mes, e (2) a necesidade de substituír o termo “ámbito de coñecemento” por “campo de estudo”, cuestión que ven motivada pola entrada en vigor o 28/10 do RD 905/2025, sendo necesario cambialo unha vez. Finalmente, o día 12 de decembro, o Reitorado remitiu ao Ministerio a información requirida e o 15/12 a memoria foi enviada dende o Ministerio á Axencia de Calidade.
- Respecto da renovación dos selos de calidade EUR-ACE das titulacións da Escola, o pasado 30 de xullo remitiuse toda a documentación en tempo e forma, pero debido á convocatoria tardía en agosto do proceso de licitación, que estaba prevista para finais de maio, e a un problema administrativo alleo á Escola, a axencia de calidade comunicou que lle resultaba inviable participar neste procedemento administrativo. Por este motivo, a renovación quedou paralizada. Realizouse unha consulta ao presidente de ENAEE e estamos á espera de saber cal vai ser a solución. Os selos das graos deixaron de ter validez o 3/12/2024 e o máster remata o 10/1/2026.
  - Respecto aos datos de matrícula nas titulacións da Escola:
    - o Graos: GEOP 55 matriculados e GTEC 53.
    - o Másters: MECCP 24 matriculados e MUXSA 5 matriculados na UDC (4 incorporáronse), 3 matriculados na USC (1 incorporouse) e 4 matriculados na UVigo (3 incorporáronse).
    - o Espazo Compartido: 14 matriculados.
  - No mes de setembro implementouse un curso 0 en matemáticas, con moi boa acollida no que participaron os profesores Raquel Taboada, Luis Fuentes e Guillermo Lorenzo. Fai constar o seu agradecemento e espera poder estendelo a outras materias.
  - Implantáronse coordinadores dos cursos (1º e 2º de grao) con sendas reunións de coordinación. Espera poder estender a implantación ao resto de cursos, e anima ao profesorado a participar como coordinadores.
  - Respecto ás obras de impermeabilización da Escola, desenvóléronse no mes de agosto e remataron antes do comezo das clases. Durante a actuación comprobouse que as xuntas dos lucernarios están en mal estado e filtran algo de auga, polo que o servizo de obras está avisado e está pendente de reparación.

- Produciuse a caída de pequenos fragmentos do enlucido do teito do corredor do primeiro piso na zona de aulas e xunto á entrada da cafetería. As zonas están sinalizadas e informado o Servizo de Arquitectura e Urbanismo (SAU).
- Instalouse unha escaleira exterior de servizo para acceder á cuberta e realizar as operacións de mantemento da instalación fotovoltaica recentemente instalada.
- Reparouse unha porta das saídas de emerxencia do salón de actos, podendo agora abrirse sen restricións ou encravamentos.
- O SAU está procedendo á recolocación de distintos elementos do sistema contraincendios do centro, o cal conta con elementos fóra de servizo ou fóra de normativa. Solicitouse ao Vicerreitorado competente que, no futuro, comunique á Dirección aquelas intervencións que poidan perturbar o desenvolvemento das actividades do centro no seu horario normal, para trasladar os avisos precisos ou para coordinar as cuestións que sexan necesarias.
- Debido ao deterioro do pavimento antideslizante da entrada do Centro, solicitouse ao SAU que fixese unha avaliación e tras considerar diversas opcións, estableceron que a solución máis axeitada e durable é a substitución dos elementos de pavimento. Será o SAU que se faga carga da actuación cando haxa orzamento dispoñible.
- Este curso a Escola participará no III Concurso Nacional de Pontes, que se celebrará o 6 e 7 de marzo en Valencia. Durante os meses de novembro e decembro estase a realizar un obradoiro de proba e aprendizaxe onde se apuntaron 7 equipos. Agradece a participación aos estudantes e aos profesores Aitor Baldomir e José París polo seu tempo e dedicación para por en marcha esta iniciativa. A fase local do concurso está prevista para febreiro.
- Convocáronse dúas bolsas de divulgación da Escola de 500€ cada unha para axudar ao coordinador de divulgación, Diego Carro, na realización de obradoiros, redes sociais e visitas de colexios e institutos.

### 3) Número de prazas ofertadas para o curso 2026-2027.

Continúa na palabra o director e informa que o 12 de decembro se recibiu a convocatoria para “Proposta límite de prazas graos e máster para o curso 2026/2027” dende a Vicerreitoría de Títulos e Internacionalización. Explica que en anos anteriores este tipo de decisións tomábanse en febreiro ou marzo, pero

<b>Código Seguro De Verificación</b>	3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt+g==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	07/04/2026 21:17:07	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/4	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

agora adiantouse e por iso se somete neste momento á consideración da Xunta de Escola.

O director traslada a proposta da Dirección que consiste en manter invariable a proposta con respecto ao curso pasado en todas as titulacións (GEOP: 50 prazas, GTEC: 50 prazas, MECCP: 25 prazas e MUXSA: 10 prazas. Apróbase.

#### 4) Quenda aberta de palabra.

Non se realiza ningunha solicitude de intervención.

O director agradece a asistencia dos presentes e deséxalles unhas felices festas.

A sesión ordinaria da Xunta de Escola remata ás 13:28 h.

**V.B**  
**Luis Ramírez Palacios**  
**Director**

**Ado.**  
**Arturo N. Fontán Pérez**  
**Secretario académico**

<b>Código Seguro De Verificación</b>	3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt+g==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	07/04/2026 21:17:07
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/4
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/3gBtrYuFVZKkwLz4gsIt%2Bg%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

